

# EUROPA

Lars von Trier, 1991

# 985

ESTREA EN NUMAX: 06.08.2022 | V.O.S.E. | +18 | 114 min

Logo da Segunda Guerra Mundial (1939-1945), Leo Kessler, un mozo americano de orixe alemá, trasládase a Alemaña para traballar co seu tío nunha compañía de ferrocarrís. O seu traballo permítelle viaxar, fascinado, por un país derruído pola guerra; pero tamén terá que enfrontarse pouco a pouco ós horrores da barbarie nazi.

«É, no fondo, unha meditación cómica e sarcástica sobre a creación de mitos cinematográficos»

Stephen Holden, THE NEW YORK TIMES



## Entrevista con Lars von Trier: «Quero contar historias que a xente forzosamente non queren escoitar ou ver»

Por Olav Skaaning Andersen

### Por que queres retratar o caos?

É moi desagradable vivir no caos. O ser humano non soporta o caos, é a súa ruína, unha carreira cara a destrución. Pero, sen embargo, eu vexo unha beleza poética no caos. E pode ser unha boa baza educativa o confrontar a xente co caos durante breves momentos. Logo poden regresar ás súas casas seguras nos suburbios. Así que quizais son un excelente profesor, cousa que negarei ata a tumba.

### O fracaso, ou a ruína, do idealista é un tema moi importante en case todos os teus filmes. Fisher en *Elemento do crime* (1984), Doctor Mesmer en *Epidemic* (1987) e Leo Kessler en *Europa* (1991). Por que?

Durante toda a miña vida sempre sentín que a xente me explotou cando era bo. Así que é unha sorte de vinganza cando o personaxe idealista ten mala sorte nos meus filmes. Mira, realmente detesto os profesores e os idealistas. Son didácticos e dinlle á xente como deberían actuar e comportarse. Pero o idealista é tamén un personaxe aburrido. Fun un verdadeiro idealista cando fun novo e mira o só que estou agora. Por razóns comerciais é aconsellable ao comeza da túa carreira ser un vangardista. Xera un tipo de idealismo, así que hoxe aínda é posible vivir do teu pasado radical.

### Se o artista non é un idealista, que é?

Fundamentalmente preocúpalle loitar con outros artistas. A arte é unha gran forza, pero tamén é algo que se fosiliza con facilidade. Así que é crucial loitar contra outros artistas para evitar, evidentemente, que a arte se fosilice completamente. Gustaríame ser o que se senta no recanto e di: “isto tense que facer doutra maneira”. A maquinaria xeral da arte, a técnica, a economía, crece e por iso debemos loitar contra esta limitación das nosas posibilidades. Quero contar historias que a xente forzosamente non queren escoitar ou ver. Quero darlle á xente estampas e imaxes dun mundo fílmico que eles non coñecen de antemán.

### Combinas cultura popular e temas clásicos e *Europa* e vexo unha grande inspiración en Hitchcock e Orson Welles.

Si, teño un enorme interese en Orson Welles, sobre todo cando el fai colidir o filme tradicional de Hollywood e o filme da arte. El realmente manipula as regras. Cando fixo *Sede de mal* (1958) colleu a peor novela que puido atopar e converteuna nun filme excelente. Ao contrario, a súa versión fílmica d’*O proceso de Kafka* (1962) non é para nada tan interesante como *Sede de mal*. Non hai forza n’*O proceso*, quizais ao haber demasiado Kafka na propia personalidade de Orson Welles. Hitchcock inspiroume moitísimo cando fixen *Europa*. Non sei exactamente o que é, pero sinto a súa compañía. É como ver unha telenovela. Tes unha familia no sentido dramático, ou sexa, que sabes o que vai pasar. É un alfabeto que coñezo ao dedo no caso de Hitchcock: cando vexo un dos seus filmes coñezo cal é o seu alfabeto inmediatamente, por así dicilo. Hitchcock e o Pato Donald son parte do coñecemento e cultura común da nosa xeración. Temos os seus estereotipos visuais na nosa cabeza. Cando fixen *Europa* retomei este problema e mireino cos ollos ben abertos, de novo. Encántanme estes clixés. Son instrumentos como as letras do alfabeto e pódense estender. A técnica principal consiste en ensamblar as cousas dunha maneira distinta.